



BASES CONCURSO SOBREMESAS TÍPICAS

Dentro do marco das xornadas de pesca que se celebrarán os vindeiros 29,30 de xuño e 1 de xullo a Confraría de pesadores de O Pindo organiza o primeiro concurso de sobremesas típicas da zona , procurando recuperar e manter receitas populares:

1. Establécense dúas modalidades para o concurso por un lado sobremesas tradicionais no que se valorarán as receitas de toda a vida e por outro sobremesas creativas no que interveñen a imaxinación e o inxenio do participante partindo sempre da base dunha receita tradicional.
2. Poderán participar todas aquelas persoas, entidades ou establecementos de restauración pertencentes ó ámbito territorial do GAC 4 (Porto do Son, Noia, Outes, Muros, Carnota, Dumbría, Corcubión, Cee e Fisterra)
3. As persoas interesadas en participar inscribíranse antes da data do 29 de xuño ás 17:30 horas ben na Confraría de O Pindo ou en calquera das oficinas do Grupo de Acción costeira ou nos enderezos electrónicos: mmerced_2003@yahoo.es , gac4@accioncosteira.es, info@margalaica.net,
4. A sobremesa do concurso elaborárase como mínimo para seis racións individuais e entregárase na Confraría de O Pindo o sábado trinta de xuño ata as cinco e media da tarde, se algún dos participantes non ten a posibilidade de entregalo nesta oficina deberá notificálo coa solicitude de inscrición e a organización poñeráse en contacto para facilitarlle a entrega da mesma. No momento da entrega da sobremesa os participantes aportarán a receita da mesma cos ingredientes, e intentárase publicar un receptorio co conxunto de receitas aportadas que se entregará con posterioridade a cada participante. Quedarán excluídas todas aquelas sobremesas que non estean vinculadas ó territorio mencionado
5. O Xurado será proposto pola Organización das xornadas e contará a lo menos cun representante de restauración, e outro de repostería i estableceranse dous tipos de premios: Mellor Sobremesa tradicional e Sobremesa máis creativa (sempre que o xurado o considere oportuno) ós que se lle fará entrega dunha placa conmemorativa. Se algún dos gañadores pertence a entidade Club de Produto de turismo mariñeiro



Mar Galaica a organización do Club encargárase de presentar a sobremesa gañadora a tódolos concursos que se celebren a nivel nacional durante un ano e de facilitar publicidade e difusión da mesma.

6. As decisións do xurado adoptaranse por maioría simple e o seu fallo será inapelable. A entrega de premio farase o trinta de xuño as 22.00 HORAS na sede da Confraría de O Pindo.

Asdo: María Mercedes Díaz Mayán